



**POR UNHA
LEI ELECTORAL XUSTA**

**+DEMOCRACIA
+TRANSPARENCIA
+PARTICIPACIÓN**

asina en change.org!

0. Limiar
1. Reducir gastos en lugar de reducir deputados e deputadas
2. Circunscrición única e eliminación da barreira legal
3. Listas desbloqueadas e método proporcional puro
4. Campañas electorais nos medios de comunicación
5. Limitación de gasto nas campañas electorais
6. Duración das campañas electorais
7. Listas brancas

0/ Limiar

Dende Compromiso por Galicia temos coñecemento da intención do Presidente da Xunta, a través do Grupo Parlamentario do Partido Popular, de reformar a actual Lei que regula as Eleccións ao Parlamento de Galicia (Lei 8/1985, posteriormente modificada pola Lei 15/92 e pola Lei 12/2004) co obxectivo principal de reducir o número de deputados, amparándose na austeridade e no suposto recorte de gasto público, para reforzar as súas maiorías. Para este cometido, o Portavoz do Grupo, Pedro Puy, ten remitido unha carta ao restos de portavoces do Parlamento de Galicia onde se explica cales son as intencións dos populares, entre as que tamén se contempla a posibilidade de acortar, por exemplo, a duración das campañas electorais. As propostas do presente documento recollen varios aspectos que Compromiso entende como fundamentais para unha reforma electoral xusta, que non recorte en democracia e coa que se aforrarían varios millóns de euros para a Administración Pública Galega. A súa posta en práctica poderíase realizar con simples acordos da Mesa do Parlamento ou coa propia reforma da lei electoral, se ben outros obxectivos máis ambiciosos precisarían tamén de reforma de Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral ou do propio Estatuto de Autonomía.

1/ Reducir gastos en lugar de reducir deputados

A proposta de reducir o número de deputados dos 75 actuais aos 61 é en si unha degradación do Parlamento galego, principal institución de Galicia, ademais de ir contra a proporcionalidade na elección dos deputados e deputadas, dificultando a expresión parlamentaria da pluralidade política existente na sociedade galega. Compartindo a necesidade de reducir o gasto de diñeiro público en todas as institucións, incluído o Parlamento de Galicia, mais tamén apostando porque os nosos representantes públicos teñan un salario digno acorde coas súas responsabilidades, Compromiso propón o seguinte:

1º- Redución do salario (soldo+dietas) dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia en 2.000 € mes, quedando arredor de 3.000 € netos.

2º- Redución de un 25% das subvencións aos distintos grupos parlamentarios, tanto para funcionamento interno, como para contratación de persoal de confianza.

3º- Redución dun 30% da partida orzamentario de gasto corrente.

O resultando evidente é que, con estas medidas que propón CxG, se conseguiría aforrar unha cantidade de diñeiro público moi superior a que se aforrará no suposto de reducir o número de deputados e faríase sen mermar a calidade democrática.

Aforro aproximado: 300.000 euros/mes.
Máis de 14 millóns de euros nunha lexislatura.

Isto acadaríase cun acordo da Mesa do Parlamento onde se estipule a redución salarial, a redución das asignacións aos grupos parlamentarios e máis a redución do gasto corrente. De igual modo, habería que manter a redacción actual do apartado 1) do artigo 9, Título II, sección Sistema electoral:

1. O número de Deputados do Parlamento de Galicia fíxase en 75.

2/ Circunscrición única e eliminación da barreira legal

Dende Compromiso por Galicia apostamos pola implantación dun sistema electoral onde a expresión institucional sexa fiel reflexo da vontade cidadá. Neste sentido, apoiamos un modelo electoral máis proporcional, coa supresión da barreira legal para optar á asignación de escaños e a adopción da Comunidade Autónoma como circunscrición electoral, sen menoscabo da necesaria representación dos territorios da CAG, que se garantirá mediante un sistema que obrigará aos partidos a incluíren representantes de todas as actuais provincias galegas. Resulta curioso que as comunidades autónomas, entidades territoriais básicas do Estado español, paradoxalmente sexan as únicas que non serven como circunscrición en ningún proceso electoral.

Para este cometido, ademais das modificacións pertinentes na lexislación xeral e no artigo 11.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, precisaríase unha nova redacción dos artigos 3 e 8, capítulo II, sección *O censo electoral*, ficando así:

Artigo 3. Nas eleccións ao Parlamento de Galicia rexerá o censo electoral único referido á circunscrición electoral, que é a Comunidade Autónoma Galega.

Artigo 8. De acordo co artigo 11.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a circunscrición electoral será a Comunidade Autónoma.

Substitución dos artigos 2) e 3) do artigo 9, Título II, sección *Sistema electoral*, polo seguinte artigo:

2) Para garantir a cohesión de Galicia e a representación territorial, só serán válidas aquelas candidaturas que conteñan como mínimo un 20% de candidatos ou candidatas de cada provincia. Este precepto aplicarase en tramos de cinco, sucesivamente.

Modificación do artigo 10, ficando do seguinte xeito.

Artigo 10. A atribución de escaños en función dos resultados do escrutinio realízase conforme ás seguintes regras: a) Todas as candidaturas, independentemente do número do número de votos válidos emitidos na circunscrición, optarán á representación parlamentaria mediante a fórmula de reparto establecida.

3/ Listas desbloqueadas e método proporcional puro

Nun contexto como o que estamos a vivir, e debido á necesidade de empoderar á cidadanía e outorgarlle máis capacidade de decisión e de protagonismo, asumimos a necesidade de implantar as listas desbloqueadas mediante voto preferencial nas eleccións ao Parlamento de Galicia, permitindo dese xeito que o cidadán conxugue o apoio a un proxecto político coa escolla dos representantes que ao seu xuízo mellor podan defendelo. De igual xeito, desbotamos o sistema D'Hondt por inxusto e apostamos por un método proporcional máis puro, como o método Sainte-Laguë/Schepers¹ corrixido. Para este cometido, habería que desenvolver pormenorizadamente os puntos b), c), d) e e) do Título II, artigo 10, do sistema electoral.

4/ Campañas electorais nos medios de comunicación

Unha campaña electoral tense que basear na igualdade de oportunidades nos medios de comunicación, polo que dende CxG avogamos por eliminar o sistema de bloques informativos e establecer a igualdade de tempos e espazos electorais para todas as candidaturas que concorran ás eleccións, tanos nos medios de comunicación privados como nos públicos. Isto estará regulado por unha Comisión de Control Electoral da CRTVG, plural e integrada por un representante de cada partido, federación, coalición ou agrupación que concorra ás eleccións. De igual modo, existirá a obrigatoriedade de debates nas campañas electorais, requisito cuxo incumprimento por parte de calquera candidatura implicará a súa exclusión do proceso electoral mediante ditame da Xunta Electoral.

Para este cometido, propomos as seguintes modificacións, engádegas e supresións.

Modificación do apartado 2 do artigo 27 e eliminación do apartado 3, ficando do seguinte xeito a redacción:

2.A distribución dos mencionados espazos farase equitativamente entre todos os partidos, federacións ou coalicións que se presenten ás eleccións, tanto na TVG como na Radio Galega como para os demais medios privados.

Modificación do apartado 2 do artigo 28, que quedaría así:

Artigo 28.2. A comisión de Control da CRTVG será designada pola Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia e estará integrada por un representante de cada partido, federación, coalición e agrupación que concorra ás eleccións convocada ao Parlamento de Galicia.

1 Simulación na última páxina

Eliminación dos apartado 1 e 3 do artigo 29, e modificación do apartado 2:

2. O dereito aos tempos de emisión gratuíta corresponderá aos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores que presenten a candidatura completa na circunscrición electoral, isto é, na Comunidade Autónoma Galega.

De igual xeito, engádense neste apartado dous novos artigos, o 30 e o 31, que ficarían deste xeito:

30) Os medios de comunicación públicos estarán obrigados a entrevistar unha vez o candidato ou candidata á Presidencia da Xunta, ou a persoa que estes designen no seu lugar, de todos os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que se presenten ás eleccións, con igualdade de tratamento informativo para cada un deles ou delas.

31) Os medios de comunicación públicos estarán obrigados á celebración de entre catro e doce debates, en horario de máxima audiencia, entre as candidaturas presentadas ao Parlamento de Galicia. O seu número dependerá da cantidade de candidaturas presentadas, e avaliarase a súa operatividade por parte da Comisión de Control da CRTVG. Os representantes de cada partido, federación, coalición ou agrupación só poderán acudir un máximo de dúas ocasións aos debates e todas as candidaturas presentadas terán igual trato.

5/ Limitación de gasto nas campañas electorais

Compromiso por Galicia cre necesario limitar o gasto de campañas electorais, a todas luces excesivo, xa que coa evolución das novas tecnoloxías e mediante os medios de comunicación de masas, perfectamente desenvolvidos para que respondan á pluralidade política existente no noso País, as mensaxes dos partidos chegan ao conxunto da cidadanía. Para isto propomos a redución á metade das subvencións electorais por escano obtido e por votos, de igual modo que a eliminación da subvención do envío directo e persoal de papeletas aos electores e ás electoras (o chamado *mailing*). Con estas medidas, pasaríamos dun gasto de 3.642.640, 28 euros a un gasto de 987.265,28 euros, o que suporía un **aforro nesta partida para a administración pública de 2.655.374,72 euros**. De igual modo, limitaríase o tope de gastos electorais, pasando do tope de 1.240.420,36 euros por partido, a 269.656,60 euros.

Para este cometido, propónse a modificación da redacción neste sentido: modificacións nos apartados 1 e 3 do artigo 44, e supresión do apartado 2.

Artigo 44

1.A Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguinte regras:

- a) Sete mil setecentos cincuenta e nove euros con 35 céntimos (7.7758,35) para cada escano obtido no Parlamento de Galicia.*
- b) 29 céntimos por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura.*

2. O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por 10 céntimos de euro (0,10) o número de habitantes correspondente á poboación inscrita no censo electoral onde presenten as candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

3. Ningún partido, federación, coalición ou agrupación poderá realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 2 deste artigo.

6/ Duración das campañas electorais

Compromiso por Galicia aposta polo debate público, ético e responsable, onde debemos implicar á cidadanía, sendo o noso deber, e dos medios de comunicación públicos, que estea debidamente informada. Neste sentido, consideramos necesario acortar a súa duración dende un punto de vista legal, xa que vivimos nunha etapa do que se vén a chamar *campaña permanente* que permite que os partidos lancen as súas propostas e confrontes as súas ideas. Ademais, iría en congruencia coa nosa proposta de aforro económico.

Neste sentido, a redacción quedaría de tal xeito:

Capítulo III

Campaña electoral

Artigo 25. A campaña electoral terá unha duración non inferior a nove días nin superior a doce.

7/ Listas brancas

A crecente corrupción política é unha das cuestións que máis preocupan á cidadanía galega. Así o teñen demostrado distintas enquisas e as diferentes mobilizacións nas rúas e prazas do noso país. E mesmo este elemento ten contribuído notablemente á desafección pola política e polas persoas que participan en organizacións políticas, sindicais e outras entidades vinculadas á acción pública. A calidade da nosa democracia vese atacada por esta falla de credibilidade. Cómpre, xa que logo, actuar de vez, promovendo medidas que dificulten o aproveitamento das persoas que asumen a representación política da cidadanía, promovendo o endurecemento das causas de inexibilidade como cargo público.

Para isto apostamos pola modificación do artigo 4, apartado 1, do capítulo III.

Elixibilidade. Artigo 4

1. Serán elixibles os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incursos nalgunha das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación xeral electoral, ademais das seguintes:

a) Serán excluídas das listaxes electorais aquelas persoas que estean imputadas por casos de corrupción.

b) Aquelas persoas que ocupando cargos públicos foran condenadas por un delito, mesmo dispoñendo aínda da posibilidade de recorrer, non poderán facer parte dunha listaxe electoral.

c) Aquelas persoas que cometan irregularidades que, non sendo delictivas, sexan eticamente reprobables e incompatíbeis co desempeño dunha responsabilidade pública.

**SIMULACIÓN mediante fórmula Sainte-Laguë/Schepers
(resultados elecciones galegas 2012)**

<http://staatsrecht.honikel.de/en/sainte-lague-schepers-verfahren.htm>

(inserción do oitavo partido manualmente)

http://www.bundeswahlleiter.de/en/glossar/texte/Saint_Lague_Schepers.html

